

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 10 DE MAIO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras

Favorables.-

2721/04.- Brea Motor, S.L.- Nave sen uso específico na parcela núm.45 da zona "D" do Plan Parcial do SUNP-37, sector 1 de Costa Vella

2415/04.- Juan Manuel Giadans Nieves.- Rehabilitación de viv. unif. na Rúa Eixo de Abaixo núm.15.

1037/03.- Mahía Inmobiliaria S.L.- modif.. de licencia de apertura (Apert.166/03) e construción dun edificio de oficinas na Costa Vella, Amio, parcelas 42-43 do SUNP-37, Sector-1.

491/05.- Xunta (Cons. De Xustiza, interior e Admón. Local).- Obras de adaptación da planta cuarta do edificio dos Xulgados de Fontiñas.

2299/04.- Higinio Nieves Rivas.- Ampliación e reforma de viv. unif. sita en Marrociños.

2564/04.- Javier Rodríguez Regueiro.- Viv.unif. en Paredes de Laraño, parcela 269-1 de parcelación autorizada.

1996/02.- Manuel Castiñeiras Espasandín.- Legaliz. modificacións executadas en viv. unif. no Lugar de Casas Novas s/n.

2643/04.- M^a Dolores Gude Ayaso.- Viv. unif. no lugar de Comariño, Figueiras.

3039/04.- Construcciones Rios y Taboada, S.L.- Tres Naves industriais sen uso determinado nas parcelas 3B-1, 3B-2 e 3B-3 de parcelación autorizada da Vía da Cierva c/v á Vía Edison do Polígono Industrial do Tambre.

587/05.- Inmobiliaria Paxonal, S.L.- Derruba edificacións existentes na subunidade UA 6 B do PERI-7 de Pontepedriña.

46/05.- Pablo Baluja Prieto.- Rehabilitación exterior de viv. unif. na Rúa Sarela de Abaixo núm.34.-

2300/04.- Hijos de Rivera S.A.- Construción e apertura (LAP/233/04) de nave almacén no Polígono de Costa Vella, parcelas 4-6.- SUNP-37.

7.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Acórdase a aprobación inicial de dúas subvencións para edificios do casco histórico que de seguido se detallan polo importe de 15. 850,79 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Consuelo Martínez Quinteiro	R/ San Pedro, 84-1º	2.096,53
Fco. Javier Vieitez Cendón	R/ Campo do Cruceiro do Gaio, 11	13.754,26

Acórdase a aprobación definitiva dunha subvención para vivendas do casco histórico (convenio área de rehabilitación 3ª fase) que de seguido se detalla polo importe de 13.265,86 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
Nicolás Sanmartín Pombo	R/ Travesa, 9	13.265,86

Acórdase a aprobación definitiva de unha subvención para vivendas do casco histórico (Consortio) que de seguido se detalla polo importe de 13. 265,86 euros.

Solicitante	Enderezo	Subvención
José Manuel Busto Vieito	R/ Cruceiro do Gaio, 5	19.696,20

8.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á corrección das deficiencias detectadas no proxecto de execución do aparcadoiro soterrado no polígono 5 de Fontiñas

Acórdase requirir á UTE Puentes Espina a corrección das deficiencias detectadas no proxecto executivo presentado no prazo dun mes, como paso previo necesario para a súa aprobación.

9.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á aprobación do pregos e inicio do expediente de contratación da asistencia técnica para o estudio e traballos de escavación arqueolóxica no castelo da Rocha.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente de contratación de referencia por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 60.000 euros (IVE incluído).

10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á corrección das deficiencias detectadas no proxecto de execución do aparcadoiro soterrado de San Xoán de Vista Alegre.

Acórdase requirir á UTE Puentes Espina a corrección das deficiencias detectadas no proxecto executivo presentado no prazo dun mes, como previo necesario para a súa aprobación.

11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa ó contrato de construción e xestión do aparcadoiro subterráneo de Xoán Carlos I.

Acórdase:

-Iniciar o expediente de resolución do contrato polo incumprimento de UTE Pontes Espina da presentación dun proxecto de execución do aparcamento axustado ao acordo de adxudicación e ao contrato.

-Que o acordo de resolución leve emparellada a incautación da garantía definitiva formalizada pola UTE Puentes-Espina, mediante aval que ascende a 162.145,67 euros, ao considerar que se trata dun incumprimento culpábel do contratista.

-Dar audiencia ao contratista e ao avalista (Banesto), por un prazo de 10 días naturais.

-No caso de que se formule oposición polo contratista, antes da adopción do acordo de resolución darase traslado ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do preceptivo informe.

12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Transportes relativa á incautación de fianza definitiva á empresa SETEGA ASISTENCIA SL por incumprimentos na explotación dos servizos de cafetería e dársena en Xoán XXIII.

Acórdase iniciar o procedemento para a incautación da garantía definitiva e reclamación de cantidades complementarias, o que supón un total de 69.679,57 euros, polos incumprimentos da empresa SETEGA ASISTENCIA S.L. na execución do contrato que subscribiu co Concello para a explotación dos servizos de cafetería e dársena en Xoán XXIII, así como dar audiencia a Setega Asistencia S.L. por un prazo de 10 días naturais.

13.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda relativa á ampliación do prazo de alegacións concedido a Compostelana de Carnes en relación co expediente de resolución do contrato de xestión do Matadoiro.

Acórdase ampliar o prazo de alegacións concedido á referida empresa establecendo como data límite o día 23 de maio de 2005.

14.- Proposta da Concelleira de Educación relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do mantemento dos sistemas de antirroubo e antiincendios dos colexios públicos de educación infantil e primaria.

Acórdase aprobar o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación, establecéndose un tipo de licitación de 22.461,20 euros.

15.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de limpeza e retirada de vexetación e restos de material pétreo e escavación arqueolóxica na fortaleza da Rocha Forte.

Acórdase aprobar o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación establecéndose un tipo de licitación de 47.730,26 euros, IVE incluído.

16.- Proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do servizo de radiocomunicacións trunking de voz e datos para o Concello.

Acórdase aprobar o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación establecéndose un tipo de licitación de 17.685,60 euros/ano, IVE incluído, e un prazo de duración de catro anos.

18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras incluídas no proxecto de arranxos puntuais en Vidán-Brandía.

Acórdase adxudicar a licitación de referencia a favor da empresa 2000 Joscon Construcciones SL por importe de 57.074,62 euros, IVE incluído.

19.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras incluídas no proxecto de arranxos puntuais no barrio de San Pedro.

Acórdase adxudicar a licitación de referencia a favor da empresa Joscon Construcciones, por importe de 57.040 euros, IVE incluído.

20.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto modificado do complementario de ordenación funcional da rúa de San Lázaro, sen variación económica.

Acórdase aprobar o devandito proxecto modificado, que non supón variación económica, e a adxudicación das obras que este comprende á empresa adxudicataria da obra principal, COMSA, S.A.

21.- Aprobación inicial do Proxecto modificado de urbanización en Son de Abaixo.

Apróbase inicialmente o devandito proxecto.

23.- Aprobación inicial do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 11 (SUNP-11) do Castiñeiriño.

Apróbase inicialmente o devandito proxecto.

24.- Aprobación inicial do Proxecto de urbanización do solo urbanizable non programado número 12 (SUNP-12) de Lamas de Abade.

Apróbase inicialmente o devandito proxecto.

26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación do orzamento e bases do IX Concurso de fotografía deportiva.

Acórdase aprobar o orzamento da actividade, que ascende a 3.000 euros, así como as bases do concurso.

27.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto do pavillón de Lamas de Abade para celebra-la festa infantil da Asociación de celíacos de Galicia.

Acórdase conceder o uso do devandito pavillón con carácter gratuíto para o vindeiro sábado 28 de maio en horario de 17 a 21 horas.

28.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito dun pavillón municipal para as finais locais e provinciais do torneo "Liceo La Paz" de fútbol sala.

Acórdase conceder con carácter gratuíto un pavillón municipal para estas actividades, en horario de 16 a 22 horas.

29.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuíto do campo de fútbol de San Lázaro II para un encontro amigable entre o equipo "Los Tornillos" e xogadores voluntarios.

Acórdase conceder o campo de fútbol de San Lázaro II, con carácter gratuíto, co fin de motivar que este colectivo continúe facendo deporte. Esta concesión sería para o vindeiro sábado 21 de maio de 11 a 13 horas.

URXENCIAS

A proposta da Concelleira de Educación, acórdase aprobar o programa Festactiva 2005 de ocio alternativo para a mocidade cun orzamento de 16.800 euros.